



## I CLINIC DE SALVAMENTO E SOCORRISMO CONCELLO DE CARBALLO

### CLÁUSULA COVID-19 DE INSCRIPCIÓN E PARTICIPACIÓN NO EVENTO DE PERSOAS CON LICENCIA EN VIGOR DA REAL FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE SALVAMENTO Y SOCORRISMO

A crise sanitaria da COVID-19 fai necesaria a adopción dunha serie de medidas para cumprir os protocolos marcados polas autoridades sanitarias.

O establecemento e cumprimento das medidas necesarias leva consigo unha serie de compromisos e formas de actuación específicas dentro das cales está a lectura e sinatura do presente protocolo, garantindo o cumprimento dos protocolos de seguridade polos/as participantes.

Os/as participantes declaran e manifestan:

- 1.- Que coñecen o protocolo e a guía que ten publicado a RFESS co gallo da participación nas probas deportivas en relación á crise sanitaria da COVID-19.
- 2.- Que se comprometen a cumprir todas as esixencias o recomendacións do protocolo ou guía e as instrucións das persoas que organicen ou colaboren co desenvolvemento do I Clinic Salvamento e Socorrismo Concello de Carballo en relación da prevención de contaxios por COVID-19.
- 3.- Os asinantes comprométese a non acudir nin tomar parte no evento no caso de padecer síntomas que puidesen ser compatibles con contaxio pola COVID-19. Isto resultará extensivo se os casos fosen sufridos por terceiros cos que a persoa tivese contacto directo e do que obxectivamente puidese derivarse contaxio.
- 4.- Que, no caso de estar ou ter estado contaxiado por COVID-19, comprométese a non acudir nin tomar parte na competición mentres as autoridades sanitarias non manifesten que a participación non constitúe un risco, ben para a persoa ou ben para o resto de asistentes cos que puidese entrar en contacto.
- 5.- Que, cos medios ao seu alcance, e en todo caso cando se desen as circunstancias, se tivo sometido aos test existentes para comprobar a exposición ou contaxio por COVID-19.

6.- Que coñece, acepta e asume que nesta situación existe un risco obxectivo de contaxio da COVID-19 coas consecuencias no que elo puidera derivar para a súa persoa en termos de saúde ou problemas que, incluso, puideran ocasionar a morte.

7.- Que acepta que organizadores e colaboradores tomen as medidas que se indican no protocolo publicado pola RFESS co gallo de establecer un razoable escenario de seguridade no evento. De este xeito faise contar que a Organización e colaboradores no curso do evento poderán adoptar as medidas axeitadas en relación co establecemento ou aplicación das medidas que se conteñen no protocolo e guía publicada, ou calquera outras que tivesen como finalidade dotar ó evento dun entorno seguro en termos de evitar contaxios por COVID-19.

8.- Que, no caso de resultar contaxiado por COVID-19, o participante exonera á organización e aos colaboradores de calquera responsabilidade e relacionados cos posibles danos ou prexuízos que puidesen derivarse para a súa persoa.

9.- Que o/a participante acepta que cando se chegasen a adoptar medidas ou decisións por parte da organización co obxecto de preservar a saúde das persoas no curso do evento, non se poderán considerar incumpridas as obrigas esenciais do organizador, polo que non se poderán esixir indemnizacións ou devolución de gastos ou costes relacionados nos que tivese incorrido o/a deportista, técnico/a ou club.

10.- Que calquera persoa poderá ser excluída polos organizadores por incumprimento ou inobservancia das ordes do persoal da organización en relación coas medidas de seguridade para evitar contaxios por COVID-19

11.- Que expresamente autoriza a que o persoal designado pola organización poida tomar a temperatura previamente ao seu acceso á instalación ou espazo onde se vaia desenvolver o evento, podendo negarlle o acceso se dita temperatura supera o límite máximo establecido polos órganos competentes como susceptible de ser indicativa de infección por COVID-19 e, neste caso, a facilitar os seus datos ás autoridades sanitarias competentes.

O tratamento descrito está lexitimado nos artigos 9.2.g) e 9.2.h) da RGPD, ao seren preciso dito tratamento por razóns de interese público esencial e por ser necesario o tratamento para fines de medicina preventiva ou laboral.

As temperaturas obtidas nas medicións non quedarán rexistradas en ningún tipo de soporte.

O responsable do tratamento fará o tratamento de datos de forma lícita e leal, transparente, adecuada, pertinente, limitada, exacta e actualizada.

Garántese a seguridade dos datos mediante a adopción de medidas técnicas e organizativas que permitan a integridade dos mesmos e o exercicio dos dereitos que asisten aos interesados.

Os interesados poderán exercitar os dereitos de acceso rectificación, limitación de tratamento supresión, portabilidade e oposición do tratamento dos seus datos de carácter persoal así mesmo como o consentimento prestado para o tratamento dos mesmos dirixindo a súa petición a [infovirsal@gmail.com](mailto:infovirsal@gmail.com).

Así mesmo, infórmase ao interesado do seu dereito a presentar reclamación ante a AEPD no caso de entender que se puideron vulnerar os seus dereitos.

Os datos unicamente serán cedidos ou comunicados a terceiros cando sexa necesario para o cumprimento dunha norma legal. En ningún caso se utilizarán os datos con finalidades diferentes ás indicadas, nin se comunicará dato algún a persoas ou entidades alleas á relación existente entre as partes.

En , a , de do 2021

Asdo.

NIF / NIE nº

No caso de menores:

Na representación de .....